



ACTUALIZACIÓN DA NOTA INFORMATIVA SOBRE A A VACINA FRONTE AO MENINGOCOCO ACWY setembro 2020

En decembro do 2019 publicouse a nota informativa que especificaba un cambio do calendario vacinal do Programa Galego de Vacinación coa introdución da vacina antimeningocócica ACWY aos 12 anos substituíndo á vacina antimeningocócica C.

Ademais decidiuse a realización de un catch-up para os rapaces nados entre os anos 2001 e 2007 e o cronograma de realización do mesmo.

Dadas as situacións excepcionais acontecidas pola pandemia do Sars-Cov-2 que sen dúbida afectaron ás vacinacións e, tendo en conta algunhas solicitudes e demandas plantexadas por profesionais sanitarios e sociedade científicas decídese modificar a devandita nota. para favorecer a vacinación de todo o grupo diana do catch-up

Todos aqueles adolescentes ou mozos nados entre 2001 e 2007 deberán contactar co sistema sanitario para programar a súa vacinación.

É importante este ano máis que nunca, concertar cita para a vacinación nos centros de saúde e non acudir directamente sen estar citado.

O esquema de vacinación queda do seguinte xeito:

	Calendario aos 12 anos	Catch-up
2020	Nados en 2008	Nados en 2001-2007
2021	Nados en 2009	
A partir de 2022	Continuar a vacinación segundo calendario aos 12 anos	

Santiago de Compostela,